

Nº orde de preferencia	Nº orde de convocatoria	Nº orde de preferencia	Nº orde de convocatoria	Nº orde de preferencia	Nº orde de convocatoria	Nº orde de preferencia	Nº orde de convocatoria	Nº orde de preferencia	Nº orde de convocatoria
1		21		41		61		81	
2		22		42		62		82	
3		23		43		63		83	
4		24		44		64		84	
5		25		45		65		85	
6		26		46		66		86	
7		27		47		67		87	
8		28		48		68		88	
9		29		49		69		89	
10		30		50		70		90	
11		31		51		71		91	
12		32		52		72		92	
13		33		53		73		93	
14		34		54		74		94	
15		35		55		75		95	
16		36		56		76		96	
17		37		57		77		97	
18		38		58		78		98	
19		39		59		79		99	
20		40		60		80		100	

, de de 2010.

Sinatura:

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Praza de Europa 5A- 4º
15781- SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 9 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das/dos aspirantes admitidas/os ao procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades, convocado pola Orde do 11 de marzo de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 25 de marzo).

Aprobada por Resolución do 7 de xuño de 2010 a lista definitiva de admitidos e excluídos ao procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades, convocado pola Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG do 25), procede determinar as/os aspirantes que deberán actuar ante cada tribunal.

Na súa virtude, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Asignarlles aos tribunais que xulgarán o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres así como para a adquisición de novas especialidades as/os aspirantes que deberán actuar ante cada tribunal segundo se especifica no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Dirección xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO I

*Especialidade: educación infantil.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados pola quenda de discapacitados nesta especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de

Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do 1 ao 46 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

Tribunal nº 2. Do 47 ao 167 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 3. Do 168 ao 288 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 4. Do 289 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Estes catro tribunais actuarán na Coruña).

Tribunal nº 5. Do 1 ao 132 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

Tribunal nº 6. Do 133 ao 264 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Estes dous tribunais actuarán en Lugo).

Tribunal nº 7. Do 1 ao 131 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

Tribunal nº 8. Do 132 ao 263 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

Tribunal nº 9. Do 264 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense e do 265 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Estes tres tribunais actuarán en Ourense).

Tribunal nº 10. Do 1 ao 132 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 11. Do 133 ao 265 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 12. Do 266 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra e do 1 ao 60 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo).

(Estes tres tribunais actuarán en Pontevedra).

Tribunal nº 13. Do 1 ao 118 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 14. Do 119 ao 236 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 15. Do 237 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes tres tribunais actuarán en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 16. Do 61 ao 189 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

Tribunal nº 17. Do 190 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Estes dous tribunais actuarán en Vigo).

*Especialidade: idioma estranxeiro: Inglés.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados en idioma estranxeiro: inglés pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña e do 1 ao 66 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense, do 67 ao ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo e do 1 ao 47 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra, do 48 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

*Especialidade: educación física.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do 1 ao 118 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo e do 1 ao 30 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra e Vigo.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 4. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela, do 119 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña e do 31 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

*Especialidade: música.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados en música pola quenda de discapacitados na Coruña,

Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña e todos os matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo e do 1 ao 13 dos opositores matriculados nesta especialidade pola quenda libre en Ourense.

(Este tribunal actuará na Coruña)

Tribunal nº 2. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela e do 14 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libres nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

*Especialidade: educación especial-pedagogía terapéutica.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados en educación especial-pedagogía terapéutica pola quenda de discapitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e do 1 ao 90 dos matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Estes tribunais actuarán na Coruña).

Tribunal nº 2. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo e do 1 ao 43 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade de Pontevedra.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 4. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela e do 91 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 5. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo e do 44 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade de Pontevedra

(Este tribunal actuará en Vigo).

*Especialidade: educación especial-audición e linguaxe.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade

pola quenda de adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo, Ourense e Pontevedra.

(Este tribunal actuará en Vigo).

*Especialidade: educación primaria.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e do 1 ao 116 dos opositores matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

Tribunal nº 2. Do 117 ao 252 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Estes dous tribunais actuarán na Coruña).

Tribunal nº 3. Do 1 ao 122 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

Tribunal nº 4. Do 123 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo e do 253 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Estes dous tribunais actuarán en Lugo).

Tribunal nº 5. Do 1 ao 130 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

Tribunal nº 6. Do 131 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense e do 1 ao 42 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes dous tribunais actuarán en Ourense).

Tribunal nº 7. Do 1 ao 120 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 8. Do 121 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Estes dous tribunais actuarán en Pontevedra).

Tribunal nº 9. Do 43 ao 181 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 10. Do 182 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes dous tribunais actuarán en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 11. Do 1 ao 121 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

Tribunal nº 12. Do 122 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Estes dous tribunais actuarán en Vigo).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan, de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en

calquera das direccións provinciais do Sergas, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose declarar desertos os cargos directivos ofertados.

Quinto.-Consonte os artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005, a forma de provisión da praza ofertada será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza ao servizo de calquera administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para o posto relacionado no anexo I.

Sexto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2010.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Denominación do posto: subdirector/a operativo/a.

Titulación requirida: diplomado/a sanitaria.

Centro directivo: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela.

ANEXO II

Modelo de solicitude

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Data de nacemento		
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono

NO CASO DE PRESTAR SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

Vínculo xurídico	Categoría profesional
Situación administrativa	
Destino actual	

SOLICITO

Posto	Centro
-------	--------